



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

CONVOCATORIA

Pola presente convocase a Vd. á **SESIÓN ORDINARIA**, que se celebrará na CASA CONSISTORIAL polo **CONCELLO PLENO**, ás vinte horas do día vinte e sete de outubro de dous mil dezasete, en primeira convocatoria e se procederá en segunda de acordo co estipulado no artigo 31.2 do ROF do Concello.

A partir desta data ten Vd. a súa disposición, na Secretaria desta Corporación, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na seguinte:

ORDE DO DÍA

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DE DATA 29/09/2017.

PUNTO SEGUNDO: TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE D. MANUEL IGLESIAS VIEITES e D. LEONCIO GÓMEZ LIÑARES .

PUNTO TERCEIRO: INFORMES DA ALCALDÍA

PUNTO CUARTO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

PUNTO QUINTO: MOCIÓNS.

PUNTO SEXTO: ROGOS E PREGUNTAS.

Ordes, 24 de outubro de 2.017

O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo

SRS. CONCELLEIROS do CONCELLO de ORDES



CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)

ACTA Nº 18/2017

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E SETE DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZASETE.

En Ordes, a vinte e sete de outubro de dous mil dezasete.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA M^a SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL
- PABLO VIDAL RÍOS
- PAULA CASTENDA BLANCO
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- LUIS CAAMAÑO FRAGA
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA
- MANUEL IGLESIAS VIEITES
- LEONCIO GÓMEZ LIÑARES

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 29/09/2017.

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 29/09/2017, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que na acta aprecia o erro seguinte:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Folla nº 11

Onde di:

.../...

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que vai a facer un repaso do que foi esta lexislatura entorno ao IBI. En outubro de 2015 o BNG presentou unha baixada do IBI para conxelar a suba da contribución, e aprobouse a baixada que propuxeron ao 0,56 %. En marzo de 2016 presentaron unha proposta para conxelar a suba da contribución intentando regular os tipos impositivos para toda a lexislatura, compensando a suba dos valores catastrais para que a xente non tivese 016 presentaron unha proposta para que este ano 2017 se baixase o tipo impositivo ao 0,54 %, o PP votou xa en contra da urxencia da moción, non se deixou nin debater. En maio de 2017 volveron a intentar conxelar o IBI no que resta de mandato novamente. O PP agora intenta vender que é gracias a el que se conxela a suba do IBI. Este ano subiu por culpa deles, cando o ano pasado intentaron facer isto mesmo, non se quixo. Esta cuestión que se somete hoxe ao pleno é a proposta na que leva insistindo o BNG toda a lexislatura, e se se remata aprobando e resulta a conxelación da suba do IBI a veciñanza sabe que é gracias á nosa intensa oposición neste asunto. Con respecto ao ICIO que se baixe non lles parece mal, a bonificación que se propón é a que trouxeron eles en maio de 2017. Unha bonificación en base aos postos de traballo que se crean pode decantar a balanza para a instalación dunha empresa en Ordes. Con respecto á subida das taxas do servizos de abastecemento de auga e saneamento non teñen nada que dicir, sube o IPC por contrato, non hai nada que lle facer.

.../...

Debe dicir

.../...

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que vai a facer un repaso do que foi esta lexislatura entorno ao IBI. En outubro de 2015 o BNG presentou unha baixada do IBI para conxelar a suba da contribución, o PP propuxera naquel entón unha baixada do tipo do 0,60%, ao 0,58 %, pero nos propuxemos baixar ao 0,56%, finalmente e despois do debate daquel punto acordouse aprobar a baixada que propuxemos dende o BNG ao 0,56%. En marzo de 2016 presentaron unha proposta para conxelar a suba da contribución intentando regular os tipos impositivos para toda a lexislatura compensando a suba dos valores catastrais para que a xente non tivese que pagar máis no recibo do IBI, pero naquel entón o PP votou en contra, PP integrado por todos os membros tal e como estaba configurado inicialmente. Logo en outubro de 2016 dado que rexeitaron regular o tipo impositivo para toda a lexislatura, presentaron unha proposta para que este ano 2017 se baixase o tipo impositivo ao 0,54 %, o PP votou xa en contra da urxencia da moción, non se deixou nin debater. En maio de 2017 volveron a intentar conxelar o IBI no que resta de mandato novamente. O PP agora intenta vender que é gracias a el que se conxela a suba do IBI. Este ano subiu por culpa deles, cando o ano pasado intentaron facer isto mesmo, non se quixo. Esta cuestión que se somete hoxe ao pleno é a proposta na que leva insistindo o BNG toda a lexislatura, e se se remata aprobando e resulta a conxelación da suba do IBI a veciñanza sabe que é gracias á nosa intensa oposición neste asunto. Con respecto ao ICIO que se baixe non lles parece mal, a bonificación que se propón é a que trouxeron eles en maio de 2017. Unha bonificación en base aos postos de traballo que se crean pode decantar a balanza para a instalación dunha empresa en Ordes. Con respecto á subida das taxas do servizos de abastecemento de auga e saneamento non teñen nada que dicir, sube o IPC por contrato, non hai nada que lle facer.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

.../...

A acta da sesión ordinaria de data 29/09/2017, resultou aprobada por maioría de trece votos a favor, coas abstencións da Sra. Castenda Blanco e Sr. Vázquez Raña, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coas correccións sinaladas polo Sr. Vidal Ríos.

PUNTO SEGUNDO: TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE D. MANUEL IGLESIAS VIEITES e D. LEONCIO GÓMEZ LIÑARES .

Dada conta polo Sr. Alcalde da remisión pola Xunta Electoral Central da credencial expresiva da designación como concelleiro do Concello de Ordes de D. Manuel Iglesias Vieites e D. Leoncio Gómez Liñares, por estar incluídos na lista de candidatos presentada por UxO nas eleccións locais de 25 de maio de 2.015, en substitución por renuncia de D^a. Silvia Marín Pereiro e D^a. Lucía Iglesias Miras.

Seguidamente **D. MANUEL IGLESIAS VIEITES e D. LEONCIO GÓMEZ LIÑARES**, a efectos de tomar posesión dos seus cargos de conformidade co establecido no Real Decreto 707/1979, de 5 de abril (en relación co art. 108.8 da LOREG), proceden a prestar promesa de cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de Ordes con lealdade ao Rei, e de gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, facéndoo ante todo os presentes.

Intervén o Sr. Alcalde, que lles da a noraboa e lles desexa moito traballo e éxitos polo ben dos veciños de Ordes.

PUNTO TERCEIRO: INFORMES DA ALCALDÍA

O Sr. Alcalde informa das actuación seguintes:

- Escrito rexistro de entrada de 13/10/2017, nº 5763, o Sr. Concelleiro Vázquez Raña comunica o pase do grupo político UxO a concelleiro non adscrito.
- No día de onte recibíuse no concello a resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coa denuncia formulada polos entón seis concelleiros do grupo político UxO acusando dunha infracción administrativa contra un ben de interese cultural a reitoral de Mercurín. Unha vez máis dáselle a razón a este Alcalde, e queda claro que esa denuncia formulada ante a administración autonómica non procedía, nunca houbo lugar. Toda a actuación esta legalizada. Hai que ter en conta que en ningún caso se trataba dun ben de interese cultural como xa aquí se respostou non pleno e que non tiveron en consideración.

Os Srs. concelleiros danse por decatados.

PUNTO CUARTO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 29 de setembro de 2.017, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

PUNTO QUINTO: MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos concelleiros non adscritos e grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén o Sr. Vázquez Raña, concelleiro non adscrito, que da lectura á moción conxunta que presenta co Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que se transcribe a continuación:

“Que na saída do pobo de Ordes pola N550 en dirección a Santiago de Compostela existe un treito grande de 1.200 metros no que non se atopa ningún espazo habilitado convintemente para o tránsito de peóns (aproximadamente dende o Centro Comarcal ata o Bar Orense).

Que hai moita xente de Guindiboo, A Fraga, Pereira e arredores que veñen camiñando ata o pobo para asistir o seu posto de traballo ou realizar as compras diarias, co conseguinte perigo para a súa integridade física debido á alta densidade de tráfico rodado e a devandita falta de espazo para circular os peóns.

Por todo elo, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Solicitar do Ministerio de Fomento o pagamento e construción dunha beirarrúa ou senda que dea continuidade conectando as xa existentes entre os 2 puntos anteriormente mencionados: dende o Centro Comarcal ata o Bar Orense.

2.- En caso de que o Estado non acepte facer o investimento pedido, solicitar do mesmo Ministerio de Fomento a súa autorización para construír a citada obra cos recursos dos que poida dispoñer o Concello de Ordes.

3.- Para a construción de dita senda ou beirarrúa non temos inconveniente en que se faga por unha ou outra marxe, pero entendemos que a marxe dereita da N550 é a zona máis axeitada”.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezasete votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga, Sr. González Santos, Sra. Martínez Candal, Sr. Vázquez Raña, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Gómez Liñares), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha primeira quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que é unha idea moi boa, trátase de dar continuación a unha senda pola que se transita moitísimo. Van a votar a favor.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que dende o PSOE viñeron impulsando distintas sendas peonís como na Brea, Parada, están de acordo en mellorar a seguridade vial e dotar de espazos para os peatóns. Votarán a favor.

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que sinala que todo o que sexa aumentar as zonas de beirarrúas e sendas están totalmente de acordo, o único que pide é que Fomento non eluda a súa responsabilidade e pague esta obra.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que están de acordo, a maiores lles gustaría tamén que se executase un carril bici para continuar co xa executado antigamente.

Intervén o Sr. González Santos, que sinala que acepta a emenda, se é posible e hai espazo suficiente si, hai que facer un proxecto técnico.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está de acordo en que se fagan estes trámites, xa o Ministerio nos contestará, como xa sucedeu noutras ocasións se teñen fondos para acometelas, ou se hai predisposición pola Corporación para incluílas noutro plan. A primeira fase é empezar a traballar neste petición, despois o proxecto técnico, autorizacións e despois ver quen asume a financiación e a execución.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezasete votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga, Sr. González Santos, Sra. Martínez Candal, Sr. Vázquez Raña, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Gómez Liñares), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Solicitar do Ministerio de Fomento o pagamento e construción dunha beirarrúa ou senda que dea continuidade conectando as xa existentes entre os 2 puntos anteriormente mencionados: dende o Centro Comarcal ata o Bar Orense, así como a execución dun carril bici para continuar co xa executado antigamente.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

2.- En caso de que o Estado non acepte facer o investimento pedido, solicitar do mesmo Ministerio de Fomento a súa autorización para construír a citada obra cos recursos dos que poida dispoñer o Concello de Ordes.

3.- Para a construción de dita senda ou beirarrúa non temos inconviniente en que se faga por unha ou outra marxe, pero entendemos que a marxe dereita da N550 é a zona máis axeitada.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita que da lectura a moción que se transcribe a continuación.

“Levamos anos con unha senda peatonal na zona de Paraíso que chega ata a Ponte Pinguela, na carretera da deputación que vai á Pontecarreira, na cal non se retranquearon os postes no seu día, e os veciños levan anos pedindo o retranqueo dos mesmos.

Dende que entrei no goberno, habíase elaborado unha memoria sobre a situación destes postes por parte da técnica do concello, que supostamente se había enviado a Fenosa, despois de que os veciños me volvesen a preguntar polo asunto e despois de comprobar que en Fenosa non existe tal petición, decidín enviar eu mesma unha petición á Distribuidora a petición dos veciños de Poulo, a Espenica e o Paraíso, petición da que tiven resposta, e na que comunican os requisitos para poder atender a solicitude de retranqueo dos apoios. Da cal remito copia.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- O Concello de Ordes atenderá a petición de retranqueo de apoios na senda peatonal de Ordes a Ponte Pinguela, e para iso tramitará os permisos e autorizacións para a execución do retranqueo, e xestionará os mesmos.
- O Concello de Ordes enviará á empresa distribuidora, a solicitude aportando cantos datos e documentos se describen na contestación que adxunto”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezasete votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga, Sr. González Santos, Sra. Martínez Candal, Sr. Vázquez Raña, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Gómez Liñares), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha primeira quenda de intervencións.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que a senda está nunha estrada da Deputación polo que presenta unha emenda para que se faga esta petición á Deputación, para que corra cos gastos, despois falamos.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

Intervén a Sra. Martínez Candal, que sinala que esta cuestión falouse no seu día coa Deputación e non quixo correr con estes gastos. Non ten problema en aceptar a emenda, que se envíe o escrito e se pregunte. No caso de que non acepte a petición faríase o mesmo que coa anterior senda.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que como traballador desta empresa vai absterse nesta moción.

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que sinala que están de acordo coa moción. Eles máis que polo recuado apostan polo soterramento da liña, pensan que é mellor solución. Cando se fixeron as obras deberíanse ter previsto canalizacións e aproveitar de aquela para facelo.

Intervén a Sra. Martínez Candal, que sinala que claro que é mellor, non ten inconveniente en incluír esta emenda.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que non momento que a Deputación fixo as obras xa dixo que o recuado dos postes era un custe moi elevado. O soterramento o vai a ser máis, vai a ser moi difícil. Intentalos, se a Deputación non accede a través de outros medios que permitan o recuado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non hai ningún inconveniente con esta moción. Cando a redactou tiña que haber feito referencia ás datas, estamos falando do 4 de abril de 2016, que é cando a técnico municipal elabora esa memoria, era en certa medida a súa responsabilidade que esa memoria se tivera enviado, quedou sen enviar, era responsabilidade de todo o goberno. Na exposición de motivos non estaba de máis ter recollido esa parte. É certo que houbo conversas coa Deputación e con Fenosa e o problema persiste, nesa parte estamos todos de acordo. No mandato anterior xa houbo aquí rogos do PSOE e non se conseguiu resolver. A Deputación e coñecedora da situación e os seus vixiantes son coñecedores de que aquí hai que facer unha actuación polo que sería importante que os grupos que están no goberno da Deputación que fagamos o posible para que esta actuación se faga, ben sexa trasladando ou recuando, o proxecto está feito, están identificadas as parcelas e os propietarios, os postes e os tendidos dos diferentes subministradores. O custe do traslado destes once postes é importante, o soterramento o multiplicaría polo menos por catro.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Caamaño Fraga, Sr. González Santos, Sra. Martínez Candal, Sr. Vázquez Raña, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Gómez Liñares), coa abstención (Sr. Manteiga García), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

- Solicitar da Deputación Provincial o soterramento de apoios na senda peatonal de Ordes a Ponte Pinguela.
- O Concello de Ordes enviará á empresa distribuidora, a solicitude aportando cantos datos e documentos se describen na contestación que adxunto.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que da lectura á moción que se transcribe a continuación:

“A vaga de lumes que asolou Galicia nos pasados días, de maneira mais intensa no domingo 15 de outubro, supuxo unha nova desgracia para o noso país, para a súa riqueza medioambiental, social, vital, económica e incluso para a autopercepción como sociedade avanzada e coidadosa de si mesma e da súa terra. Pero, indiscutiblemente, e sen punto de comparación, as desgracias humanas sufridas durante estes días coa morte de catro persoas foron unha perda irreparable.

O problema dos lumes en Galicia non é un problema novo, tamén atañe ó noso Concello, de maneira continuada véñense producindo feitos e situacións que alimentan e favorecen a aparición de lumes no monte galego. O descoido e abandono dos montes supón un elemento de grande perigo, é un factor facilitador da aparición e propagación de lumes. E imprescindible levar a cabo unha política de prevención eficiente, con investimentos decididos e realmente comprometidos, que aposte polo coidado e mantemento concienciado en colaboración coas comunidades de montes, concellos, deputacións, agrupacións ecoloxistas, distintas organizacións a todos os niveis da administración e os distintos colectivos.

A política de extinción de incendios do goberno da Xunta de Galicia foi errática e chea de bandazos. A decisión de non prolongar contratos de persoal anti-incendios (fixos discontinuos de 3 meses 436 persoas e 500 de Seaga), a facilidade de procesos de privatización dos recursos dispoñibles, o deixamento na atención ás advertencias de perigo que dende distintos puntos e voces autorizadas e expertas se fixeron do nivel de perigo existente, o rexeitamento de iniciativas parlamentarias e municipais que fixeron distintos grupos políticos.

A situación vivida especificamente nos últimos días, sobre todo o 15 de Outubro, foi absolutamente desesperanzadora. Os concellos víronse sobrepasados, por sorte no noso Concello non se queimou ningún monte, pero non se está a salvo do risco, mais tiveron que afrontar os lumes cos seus únicos medios municipais ou con minguados efectivos autonómicos. Existiu claramente unha deficiente coordinación de servizos por parte da Xunta de Galicia, que provocou caos e desesperación nos veciños e veciñas que tiveron que loitar desprotexidos e desamparados ante o lume coa única axuda dos seus medios.

O Grupo Municipal Socialista de Ordes sempre foi e será crítico coas modificacións de crédito salvo por un problema extraordinario, pero estaremos de acordo nas modificacións de crédito para a prevención e loita contra o lume no noso Concello.

Polo que, en condición de Voceiro Municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete a consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo:

- Conformar un grupo de traballo plural, que conte coa participación das forzas políticas, de todos os niveis da Administración, forzas e corpos de seguridade do Estado, membros dos equipos de extinción, expertos académicos, que afronten de maneira global o problema do monte galego e a existencia reiterada de incendios e vagas de lume.
- Cuantificación dos danos causados polo lume en Galicia no 2017.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

- Poñer en marcha por parte da Xunta de Galicia as medidas necesarias para evitar a erosión e o deterioro dos montes queimados, evitando tanto a súa degradación como a contaminación de cauces e mananciais.
- Dotar as medidas anteriores con orzamentos suficientes por parte da Xunta de Galicia para poder levar adiante as devanditas medidas.
- Solicitar aos grupos políticos representados no Parlamento de Galicia a que se comprometan de maneira unánime a apoiar un investimento sostido e continuado dun aumento das partidas orzamentarias destinadas á prevención dos lumes no monte que sexan suficientes para consolidar unha estratexia galega de prevención e extinción de incendios”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezasete votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga, Sr. González Santos, Sra. Martínez Candal, Sr. Vázquez Raña, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Gómez Liñares), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha primeira quenda de intervencións.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que a política en materia de incendios non corresponde ao concello. Antes había unha brigada municipal de extinción de incendios, hai moitos anos que desaparece, agora está todo en mans da Xunta de Galicia, corresponde o control ao partidos do Parlamento de Galicia. El e o Sr. Vázquez Raña van absterse.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que os incendios pasaron a ser o gran problema de toda a franxa oeste da península, sexa por un raio ou por unha negligencia os lumes son unha realidade. Cando se forma un incendio as pequenas cinzas de lume poden ser transportadas polo vento e causar un novo incendio a unha distancia de ata trinta quilómetros. Nos montes de eucaliptos os restos que se acumulan ao arredor das árbores son altamente inflamables e poden formar incendios con temperaturas de ata mil grados centígrados. Estes datos foron extraídos dun documental dos lumes nos montes de eucaliptos. Calquera medida que se poida adoptar para previr situacións como estas benvidas sexan.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que basicamente están de acordo co que planexa o PSOE. Gustaríalles poder incluír tamén un punto no que se inste á Xunta de Galicia a executar unha política de desenvolvemento rural que reverta o abandono dos núcleos rurais e das explotacións agrarias e forestais. A orixe do problema está no abandono do rural nos últimos anos, do monte, no desorde que hai no monte, non incumprimento das faixas de seguridade con respecto a vivendas e vías de comunicación. Xa é hora de darnos conta de que o clima mudou, que tamén temos incendios en febreiro, que é o momento de pensar que hai que desestacionalizar os servizos de prevención dos incendios forestais. Hai moitas cousas que cambiar na política de prevención dos incendios forestais. Cando unha Dirección Xeral de Montes adica máis orzamento á extinción que á política forestal seguramente sexa por que algo mal se está a facer. Se teñen a ben incluír ese punto están totalmente a favor do que plantexa o PSOE.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

Intervén o Sr. Manteiga García, que sinala que sen ningún problema se incluíra ese punto.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que en primeiro lugar se solidarizan coas familias das vítimas e todos os que sufriron esta lacra dos lumes. Están de acordo co resto.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que quere puntualizar varias consideracións. Esta moi ben traer esta cuestión aquí, este é un debate que estes días no Parlamento galego esta sobre a mesa. Agradece ao Sr. Manteiga García que teña tido a consideración de recoller ese recoñecemento aos grandes damnificados de todo o acontecido. Poden falar dos anos 2006, 2010, o BNG criticou as políticas, o BNG gobernaba entón e non conseguiron daquela nos catro anos do bipartito e a día de hoxe ter resolta completamente a necesidade da extinción. O principal problema que hai que entende é o triángulo do lume, ten que haber o combustible, teñen que darse as condicións, pero ten que haber a mecha que prenda ese incendio e case nunca somos capaces ou temos o atrevemento de falar dos incendiarios, é importante que se teña en conta. Visto o que aconteceu o quince de outubro. Falouse de que se propagan as cinzas durante trinta quilómetros pero os montes que arderon o quince de outubro non eran eucaliptais, en Ourense non hai eucaliptos. Víronse lumes con zonas de ata cinco ou seis focos distintos con distancias de cincocentos ou un quilómetro, iso é por que alguén foi alí a prender ou deixou alí unha mecha para que ese lume arrincase, incluso en zonas nas que non hai eucaliptos ou outra especie das que consideramos pirófitas porque estamos a falar dos parques naturais e xa non as hai. Non fagamos demagogia con todo isto. Van a absterse por que a exposición de motivos é puramente política, loxicamente defende o argumentario do seu partido, non hai nada que lle reprochar, podería darlle datos en contrario. Un debate aquí non vai a resolver absolutamente nada importante, concorda en que hai que facer moito pola parte da prevención, concordamos todos, llo escoitou tamén aos máximos dirixentes de todos os partidos galegos. As faixas de protección é algo moi importante.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que o PP terá que recoñecer unha cousa, vostedes diminuíron esas faixas de protección, vostedes degradaron a lei de prevención de incendios forestais que aprobou o bipartito no 2007.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que van a absterse, están de acordo co fondo do acordo en todos os puntos.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que quere puntualizar que debemos fixarnos en Portugal que ten unha orografía parecida á nosa, coas mesmas especies vexetativas e cantos mortos tivo. En Galicia de momento estamos tendo máis sorte que outra cousa. Desde os Concellos é necesario presionar á Xunta de Galicia por que se hai problemas os afectados son os nosos veciños non vai arder o Parlamento de Galicia, somos nos os que temos que sufrir as consecuencias dos nosos propios veciños e do noso propio concello.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que o que quixo dicir é que a virulencia do lume é moito maior nos montes de eucalipto, non que non ardan o resto dos montes, non sabe se a entendeu mal. Falou dos incendiarios, non di que non haxa incendiarios, pero neste caso en concreto houbo unha manipulación do goberno autonómico nos medios moi importante, iso non o pode negar.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de doce votos a favor (2 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga, Sr. González Santos, Sra. Martínez Candal, Sr. Vázquez Raña, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Gómez Liñares), coas abstencións (5 grupo político PP), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

- Conformar un grupo de traballo plural, que conte coa participación das forzas políticas, de todos os niveis da Administración, forzas e corpos de seguridade do Estado, membros dos equipos de extinción, expertos académicos, que afronten de maneira global o problema do monte galego e a existencia reiterada de incendios e vagas de lume.
- Cuantificación dos danos causados polo lume en Galicia no 2017.
- Poñer en marcha por parte da Xunta de Galicia as medidas necesarias para evitar a erosión e o deterioro dos montes queimados, evitando tanto a súa degradación como a contaminación de cauces e mananciais.
- Dotar as medidas anteriores con orzamentos suficientes por parte da Xunta de Galicia para poder levar adiante as devanditas medidas.
- Solicitar aos grupos políticos representados no Parlamento de Galicia a que se comprometan de maneira unánime a apoiar un investimento sostido e continuado dun aumento das partidas orzamentarias destinadas á prevención dos lumes no monte que sexan suficientes para consolidar unha estratexia galega de prevención e extinción de incendio.
- Instar á Xunta de Galicia a executar unha política de desenvolvemento rural que reverta o abandono dos núcleos rurais e das explotacións agrarias e forestais
- Facer un recoñecemento e solidarizarse con todos os concellos afectados, coas familias das vítimas e con todos os profesionais e xente que traballaron dun xeito altruísta para sofocar os lumes.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que da lectura á moción que se transcribe a continuación.

“A rotonda existente na estrada N-550, é altura do acceso ó polígono industrial de Ordes, habitualmente é escenario de accidentes de tráfico por mor de colisións entre vehículos no interior da rotonda.

Moitos deles, probablemente motivados pola excesiva velocidade coa que os vehículos que circulan pola N-550 acceden á rotonda, a pesar da limitación de velocidade que existe na zona.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

En ocasións resulta complicado para un vehículo que veña do polígono ou da estrada de Mercurín, poder acceder á rotonda nunhas condicións de seguridade por mor da velocidade dos vehículos que circulan pola N-550.

Seguramente coa modificación do deseño da rotonda para obrigar os vehículos a aminorar a velocidade, a instalación dunhas bandas rugosas. Ou a adopción de outras medidas que poidan considerarse axeitadas, contribuírase á redución da sinistralidade vial na zona.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Instar ó Ministerio de Fomento á mellora da seguridade vial na rotonda mencionada, mediante a implementación das medidas que sexan precisas para reducir a alta sinistralidade na zona”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezasete votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga, Sr. González Santos, Sra. Martínez Candal, Sr. Vázquez Raña, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Gómez Liñares), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha primeira quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que están de acordo en mellorar todo o que sexa a seguridade vial, benvido sexa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non hai ningún inconvinte en que se faga esta tramitación. Son coñecedores dos accidentes que houbo este verán aí, non teñen nada que ver coa seguridade, senón co infortunio que lles aconteceu ás persoas que ían conducindo. É unha zona na que se se poden facer melloras están de acordo, o vixiante coñece todo isto, cando pasa por aquí é un dos puntos dos que se trata ao respecto. Non é para nada partidario de pro bandas rugosas no trazado da N550. O que se fixo no polígono do Tambre cos coxíns berlineses é unha medida bastante axeitada, son caros, se con iso despois de evitan accidentes. Súmanse a esta demanda.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezasete votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga, Sr. González Santos, Sra. Martínez Candal, Sr. Vázquez Raña, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Gómez Liñares), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Instar ó Ministerio de Fomento á mellora da seguridade vial na rotonda mencionada, mediante a implementación das medidas que sexan precisas para reducir a alta sinistralidade na zona.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que da lectura á moción que se transcribe a continuación.

“Hai xa dez anos, o BNG de Ordes levou a cabo unha campaña informativa e de recollida de sinaturas para o desvío do tránsito dos camións que transportan residuos cara a planta de SOGAMA. Compre recordar que naquel entón máis de 3.000 veciños e veciñas do concello de Ordes, apoiaron a iniciativa asinando a petición.

Esta mobilización da veciñanza do concello ten conseguido que se construíse a rolda leste, unha alternativa para desviar o tráfico pesado do centro da vila, alternativa que non está a ser utilizada polos camións que transportan refugallos a SOGAMA e GESUGA, que seguen a circular polas rúas do casco urbano de Ordes, sendo especialmente grave a situación na Avenida Alfonso Senra e na Rúa do Recreo.

Recordamos que este tránsito ocasiona molestias na circulación, vibracións, ruídos, cheiros e mesmo vertidos da carga que transportan; iso sen ter en conta a excesiva velocidade coa que circulan pola vila, sobre todo en horario nocturno.

Dado que na actualidade a estrada que comunica Ordes e Cerceda por Virís, e de titularidade da Xunta de Galicia, e que Ordes dispón dunha infraestrutura como a rolda leste, pola cal os camións que transportan os refugallos a SOGAMA e GESUGA poden circular sen atravesar o casco urbano de Ordes, é preciso que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, negocie con SOGAMA e GESUGA o desvío de ditos camións.

Deste xeito os camións procedentes do norte e que circulan pola N-550, poderían desviarse na rotonda existente no polígono de Ordes para tomar a referida estrada de Ordes-Cerceda por Virís cara as plantas de SOGAMA e GESUGA na vez de transcorrer polo casco urbano de Ordes para ir dar a estrada AC-413.

Os camións procedentes do sur e que circulan pola N-550, poderían tomar a rolda leste ata a rotonda existente no polígono de Ordes evitando do mesmo xeito o seu paso polo casco urbano de Ordes.

E os camións que viñesen pola autoestrada AP-9, poderían do mesmo xeito tomar a rolda leste ata a rotonda existente no polígono de Ordes evitando do mesmo xeito o seu paso polo casco urbano de Ordes.

E polo que propoñemos ao Plano da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

1.- O Pleno do concello de Ordes insta á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, a negociar con SOGAMA e con GESUGA o desvío dos camións que transportan refugallos ás súas plantas, a desviarse do casco urbano de Ordes nos termos recollidos na exposición de motivos da presente moción.

2.- Dar traslado do presente acordo a tódolos grupos parlamentarios do parlamento galego”



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezasete votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga, Sr. González Santos, Sra. Martínez Candal, Sr. Vázquez Raña, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Gómez Liñares), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha primeira quenda de intervencións.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que está de acordo coa moción, pero quere facer unha emenda que é que o desvío sexa efectivo cando se remate a estrada de Mercurín, como está agora é moi perigosa. É volver á situación que había antes co goberno do Sr. Regos Boquete, antes de que se prohibise a circulación por ela polo seu estado. Se acepta a emenda votarán a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que a moción vai nese sentido, é certo que non esta especificado, o lóxico é esperar a que se rematen as obras para despois desviar o tráfico pesado. No primeiro punto detallarase que é unha vez rematadas as obras.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que van a estar de acordo coa moción.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que o cometido da rolda leste era ese, desviar o tráfico pesado de Ordes, no seu día cando se conseguiu o Presidente de Sogama comprometeuse por escrito a sacar o tráfico para usar esa rolda, cando entrou o grupo popular na Xunta de Galicia ese acordo xa se empezou a non cumprir. É necesario volver a retomar isto e presionar dende a Xunta de Galicia a Sogama para que cumpra e use a rolda leste que foi feita para ese cometido.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que están de acordo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vai a facer varias emendas de engádego. Iste é un problema que sofren os veciños no día a día, todas as semanas hai chamadas dos restos nas rúas. Son moitas as cartas que temos dirixido a Gesuga e Sogama, e estas empresas o que queren é que estea a estrada rematada para que se lle volva a permitir o paso por alí. Ata abril que é a data prevista de finalización das obras. O que apuntou o Sr. Manteiga García non é certo, a rolda leste executouse co goberno do Sr. Feijoo na súa totalidade, é certo que o aproveitamento da rolda so puido ser efectivo nun período de quince ou dezaseis meses. Non houbo ningunha decisión de ningunha persoa allea á propia corporación municipal que foi a que decidiu limitar o tránsito dos camións cun acordo do pleno do que despois deu cumprimento o alcalde para que non se transitase por aí limitando a 5,5 Tm. No punto primeiro habería que engadir o remate da AC409 Ordes-Bailia. Pediríalle dos puntos máis, e o seu segundo que pasase a ser o cuarto. O punto segundo sería o pleno do Concello de Ordes insta á Consellería de Infraestruturas e Vivenda a realizar non ano 2018 o estudo informativo da variante oeste da vila conexión N550 co AC413 tal e como está recollido no PXOM. Para facer este tramo de dous quilómetros hai que executar outra infraestrutura, o punto terceiro que é o pleno do Concello de Ordes insta ao



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

Ministerio de Fomento a executar o proxecto denominado reordenación do acceso na N550 na rotonda do pa 37, rotonda que comunica a AC408, presentado en marzo de 2017 na Demarcación de Estradas do Estado en Galicia en A Coruña, que está condicionada á aprobación dos orzamentos xerais do Estado do ano 2018. Non vai haber ningún tipo de inconveniente cando esa estrada estea aberta para que os camións circulen pola rolda e pola estrada de Mercurín. Non hai inconveniente en comunicarllo á Consellería de Medio Ambiente para que sexa coñecedor desta situación.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que non hai problema ningún en engadir eses puntos, son infraestruturas necesarias, hai que pelexar por elas. Como punto de partida non está mal e non teñen inconveniente en engadilos na moción.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezasete votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga, Sr. González Santos, Sra. Martínez Candal, Sr. Vázquez Raña, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Gómez Liñares), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- O Pleno do concello de Ordes insta á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, a negociar con SOGAMA e con GESUGA unha vez rematado o tramo da AC409 Ordes-Bailía o desvío dos camións que transportan refugallos ás súas plantas, a desviarse do casco urbano de Ordes nos termos recollidos na exposición de motivos da presente moción.

2.- Instar á Consellería de Infraestruturas e Vivenda a realizar non ano 2018 o estudo informativo da variante oeste da vila conexión N550 co AC413 tal e como está recollido no PXOM.

3.- Instar ao Ministerio de Fomento a executar o proxecto denominado reordenación do acceso na N550 na rotonda do pa 37, rotonda que comunica a AC408, presentado en marzo de 2017 na Demarcación de Estradas do Estado en Galicia en A Coruña.

4.- Dar traslado do presente acordo a tódolos grupos parlamentarios do parlamento galego.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo político PP, que da lectura á moción que se transcribe a continuación.

“O pleno do Concello de 26 de maio de 2017 cos votos do grupo político Unión por Ordes, o concelleiro do Partido Socialista e os concelleiros non adscritos Luis Caamaño e Beatriz Martínez, aprobou a moción presentada polo grupo político Unión por Ordes de medidas para a mellora da transparencia e favorecer a libre concorrência nos contratos menores establecendo a tramitación administrativa dos contratos menores de obras por contía superior a 3.000 euros e de servizos e subministro por contía superior a 1.000 euros.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

Este acordo foi recorrido en reposición polo grupo político Partido Popular, recurso que foi desestimado por acordo do Pleno do Concello o 26 de xullo de 2017.

O Sr. Secretario informou desfavorablemente tanto o acordo plenario do 26 de maio de 2017, como o acordo plenario de 26 de xullo de 2017, con dous argumentos fundamentais; primeiro, que estes acordos eran contrarios ao principio de competencia do artigo 8 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, na que se di que a competencia é irrenunciable e exercerase polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia, salvo os casos de delegación ou avocación, cando se efectúen nos termos previstos nesta ou outras leis. E segundo, que estes acordos tamén son contrarios as normas de contratación administrativa establecidas no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP), que atribúe a competencia para a adxudicación dos contratos menores ao Alcalde, e que establece que o órgano de contratación que é competente para adxudicación dun contrato, tamén é competente para a tramitación do seu expediente de contratación. Por último, o Sr. Secretario advertiu que o acordo do 26 de maio de 2017 era nulo de pleno dereito por ser ditado por órgano manifestamente incompetente por razón da materia.

A maiores do informe do Secretario do Concello, a Alcaldía no pleno do 26 de xullo de 2017 deu lectura a dous informes xurídicos, un da Deputación de Badajoz e outro da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial da Coruña, que deixaban moi clara a ilegalidade do acordo plenario do 26 de maio de 2017.

O grupo político Unión por Ordes defendeu na súa moción a competencia do pleno para a adopción do acordo do 26 de maio de 2017, amparándose na competencia do pleno para a aprobación das bases de execución do orzamento, se ben no texto da moción en ningún dos párrafos da exposición de motivos, así como na proposta de acordo a adoptar se indicaba cal era a base de execución do orzamento municipal que se modificaba ou se creaba ex novo para recoller esas regras de tramitación administrativa dos contratos menores.

Resulta curioso que o grupo político que presentou a moción obxecto do acordo plenario do 26 de maio de 2017, cando gobernou neste Concello ata o ano 2015, un dos reparos que o Interventor facía no seu informe da Conta Xeral de cada exercicio, fose de forma recorrente o abuso do contrato menor, ou que se levase a cabo a súa adxudicación sen aplicación de ningunha medida que favorecese a libre concorrència.

Tamén resulta curioso que se defenda no pleno do Concello a legalidade na contratación administrativa e nove concelleiros sexan os primeiros que non a cumpren.

Se se observan os importes que se fixan e a partir dos que se establece a necesidade de tramitación dun expediente de adxudicación dun contrato menor de obras, servizos e subministrados, o que se aprecia é que o que realmente se pretende é a burocratización e paralización da xestión da contratación administrativa no Concello de Ordes.

O BNG no debate da moción sinalou que por coherencia co que sempre defendeu dende a súa bancada, nos contratos menores débese cumprir a lexislación vixente. Non se pode sacar todo a concurso público senón paralizaríamos o concello.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

Por último, dicir que no pleno do 31 de marzo de 2017 un dos argumentos que se esgrimiu para xustificar a adopción de acordos no mesmo foi que existía unha maioría de concelleiros na oposición coa que ían a gobernar o Concello de Ordes. Esa maioría na actualidade non existe.

Por todo o exposto anteriormente, sométese á consideración do pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Modificar o acordo do pleno do Concello do 26 de maio de 2017 polo que se aprobou a moción presentada polo grupo político Unión por Ordes de medidas para a mellora da transparencia e favorecer a libre concorrència nos contratos menores establecendo a súa tramitación administrativa, acordando que a tramitación administrativa e adxudicación dos contratos menores no Concello de Ordes realizárase única e exclusivamente de conformidade co establecido nos artigos 138.3 e 111 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP) ou norma legal que a substitúa”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezasete votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga, Sr. González Santos, Sra. Martínez Candal, Sr. Vázquez Raña, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Gómez Liñares), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha primeira quenda de intervencións.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que están de acordo con esta modificación do acordo plenario.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que quere aclarar unha cousa, foi convocada a unha reunión polo Sr. Alcalde o pasado martes onde se lles falou de prevaricación e ilegalidade. O exemplo de prevaricación que mencionou na reunión nada ten que ver cun acordo plenario. Se vostede cree que lle darían a razón no contencioso que ela non pon en dúbida, por que parecía que estaba tan seguro de si mesmo que xa ía ditar a sentenza. Aínda que se lle dise a razón o contencioso como moito daría un veredicto no que se obrigaría ao concello de Ordes a anular dito acordo, pero de aí a dicir que hai prevaricación hai un mundo.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que non queren entorpecer a labor do concello, pero estarán vixiantes para que contratos de grandes obras non se convertan en contratos menores e se poidan adxudicar sen contratación pública.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que no seu día cando se debateron estas propostas xa a súa postura foi a abstención. Pola alusión que se fai ao BNG na exposición de motivos no debate sinalaron que por coherencia sempre defenderon que nos contratos menores se debe cumprir a lexislación vixente, pero tamén dixeron que todo aquilo que non sexa contrato menor o mecanismo de contratación debería ser a través dun



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

procedemento aberto onde calquera empresa poida concorrer de xeito competitivo e non abusando como está a facer o PP e o Alcalde dende o goberno do procedemento negociado sen publicidade por razón da contía. Quere lembrar o facebook dos PP de Ordes do 15 de maio de 2015 e dende Buscás en plena campaña electoral onde se posteaba que querían un concello transparente, sen favoritismos, todas as adxudicacións se farían por concurso público. Esta é unha das mentiras do PP na campaña electoral. No tema da moción non se van a meter nesta guerra entre partidos, como a súa postura nas dúas ocasións anteriores foi a abstención por coherencia van a manter esa postura.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que esta moción foi moi ben defendida pola exvoceira. Pensa que tiñan razón e así a lei os amparaba. Vai a falar agora en termos políticos, non xurídicos, non esta preparado para iso. Xuridicamente non hai contencioso ningún.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo político PP, que sinala que hai un contencioso presentado polos concelleiros do grupo de goberno.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o prazo de dous meses para a presentación do recurso rematou no día de onte.

Intervén o Sr. Regos Boquete, que sinala que a votación, o seu resultado xa se sabe despois da reunión que houbo. En UxO hoxe hai dous novos concelleiros que acaban de entrar, vai haber un voto libre para que cada un se exprese como queira. Ven que os motivos da moción son políticos. As mocións son iniciativas de contido meramente político, nas que se insta ao goberno a realizar unhas actuacións. Resulta evidente que a execución do acordo plenario require da modificación das bases de execución dos orzamentos, algo que é competencia exclusiva do pleno. Nada se fixo por parte da alcaldía para dar cumprimento a esta moción que se aprobou co voto de nove concelleiros. Non se levou ao pleno o proxecto de modificacións das bases de execución, nin se permitiu o debate dunha emenda aos orzamentos que incluía a proposta de modificación das bases de execución incumprindo a lei de facendas locais e vulnerando os dereitos fundamentais dos membros da corporación. Despois de incumprir a lei trae unha proposta innecesaria e cun contido meramente político, creen que nun alarde de prepotencia. Confunde deliberadamente as competencias para contratar e adxudicar, saben que as adxudicacións son competencia do goberno, non do pleno. A competencia para establecer a regulación da tramitación administrativa a través das bases de execución dos orzamentos é do pleno. Partindo da premisa de que o R.D.Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, establece uns criterios mínimos para os contratos menores, para garantir a transparencia e a libre concorrència na contratación administrativa. Estes mínimos poden ser obxecto de mellora no exercicio das competencias que a autonomía local reserva aos municipios. Nas bases de execución de moitos concellos, entre eles o de Zaragoza, estase a levar a cabo a aprobación destas normas, non cree que con elo se estea a paralizar a xestión, o que existe é unha maior transparencia e concorrència na contratación pública. En conclusión, iniciativa innecesaria e de motivación política para revocar un acordo plenario que se negaron a executar incumprindo a lei. Estas melloras deben responder aos principios xerais de libre concorrència, igualdade e non discriminación na contratación administrativa. Tamén debe estar presente na contratación administrativa, así se establece nas bases de execución da Deputación de A Coruña. Os servizos xurídicos da Deputación fan un informe distinto para a Deputación e outro para o Concello de Ordes. Propuxeron nunha moción que se cambiasen as bases de execución do orzamento o que non se levou a cabo, nin se votou. O equipo xurídico da Deputación fai un informe dunha proposta do



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

PP para facer os contratos menores na Deputación, os baixan cun informe positivo do equipo xurídico e aquí fan un informe contrario para non facer o mesmo. O que están a ver é queren revocar este acordo por que se deron conta de que estaban metendo nun lío bastante importante. Saben o que din, non intenten enganar. Eles presentaron a moción e o Alcalde, neste caso, ten que levar a cabo o debate para cambiar as bases de execución nos orzamentos municipais, cousa que non levaron ao pleno e non puideron debatelas. Creen que teñen a razón para modificar as bases de execución dos orzamentos dun concello, así está na lei.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o único que lle sorprende é que vostede dixo que ía a facer un debate político e todo o que acaba de leer sinte dicírllo pero non e seu, está a falar pola boca de outra persoa. Loxicamente esta no seu dereito para que o asesoren. Dixo no anterior pleno que ía convocar aos concelleiros a unha reunión, vostede non asistiu a esa reunión, houbéralle gustado que asistise.

Intervén o Sr. Regos Boquete, que sinala que foi convocado á unha e media o día anterior, estaba traballando, sabe que no podo vir ao día seguinte.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a onde vostedes están tratando de conducir a política ordense dende o un de marzo xa se viu que é errada. Llo dixo fai escasas semanas, mire para o seu grupo e a situación na que derivou despois de todo o que aconteceu desde ese intre. As consecuencias está á vista de toda veciñanza e de todos os que aquí o estamos a ver. Vostede fala por outra persoa allea á corporación e trata de facer argumentos xurídicos. Vostede mesmo se contradeciu cando iniciou o seu turno de intervención co que acabou dicindo finalmente. Fixo argumentos xurídicos por que tratou de defender a legalidade do acordo que sinte dicírlle, cree ao Secretario, ao asesor xurídico da Deputación de A Coruña e ao asesor xurídico da Deputación de Badaxoz. Nos fixemos o que tiñamos que haber feito entón, e vostede ten a acta da Xunta de Goberno Local do venres seguinte a aquel pleno no cal se di que as competencias da Xunta de Goberno Local para facer os contratos menores se realizarán segundo a lei. Despois presentaron o recurso de reposición pertinente a ese acordo e vostedes seguiron na mesma liña. E a nos rematounos o prazo para a interposición do contencioso o día 26 de outubro. Non diga máis veces que incumprimos ou non executamos o acordo plenario. Amparámonos na lexislación e no dereito para poder chegar ata aquí. Agora traemos unha moción despois de falar con vostedes que foron os que aprobaron isto coa intención de revocalo e que non traía causas maiores, por que as podía ter traído, aínda que vostede pense o contrario. Eu nunca ameacei á Sra. Martínez Candal xa llo dixen entón e llo digo agora outra vez, non ten ningún inconvinte en volver a reiterarllo e repetírllo. Non se trata diso, por que con iso non gañamos nada, nin vostede nin nos, pero baixo ningún concepto entendemos xusto nin necesario que por estar con estas cuestións, que non nos levan a ningún lado, poida haber un fallo que poida ser prexudicial para calquera concelleiro deste concello. Vostede está no seu dereito en seguir pensando e votando o que considera oportuno para vostede e para os seus intereses. Vostede estaba neste goberno e agora está aí enfronte e defende cousas distintas e incluso ataca a este goberno cando vostede non fixo ningún tipo de observación, nin aclaración en ningún acta de Xunta de Goberno Local. As veces hai que ser consecuentes e medir moi ben as nosas palabras. Nos creemos necesario este acordo, por que non nos conduce a ningún lado seguir cos contenciosos. Xa se está a ver o resultado que está a traer para UxO todos eses contenciosos sobre protección dos dereitos fundamentais. Tiñamos que quedarnos quietos a partir de aquel pleno do un de marzo. Consideraron que como eran máis e nos un grupo de cinco concelleiros debilitado e que ían a poder gobernar e quedarse con todas as competencias que de inicio estaba clarísimo que a lei lle atribúe ao Alcalde. Así nos está dando a día de hoxe en todos e cada un dos contenciosos



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

que vostedes interpuxeron ou que vostedes retiraron algúns dos seus compañeiros. Como concelleiros do grupo popular temos o dereito a pedir que cun acordo plenario se faga unha revocación e sigamos a cumprir a lei. Está na súa man tomar a determinación que queiran en relación á votación. Trouxeron aquí un acordo ilegal e o votaron, e tiraron para adiante, e nos seguimos a defender ata o día de hoxe, non queremos ir a un contencioso contra vostedes. Un acordo que ten que defender o Concello de Ordes e que o propio asesor xurídico do concello non o quere defender por que sabe que non hai por onde defendelo, que non se pode gañar, non hai por onde sostelo. Sabía vostede esa parte, por que eu creo que vostede tiña información desa parte. A moción que hoxe traemos aquí é para iso. Gustaríalle que no sucesivo, xa non queda tanto para as próximas eleccións municipais, as mocións que traíamos, as propostas da alcaldía, os plans de obras poidan ser o máis consensuados posibles, senón haberá que acatar as maiorías. Insiste se eses acordos son tomados pola oposición, son contrarios a dereito, aos intereses deste alcalde, deste goberno e en consecuencia para os veciños de Ordes o defenderemos onde faga falta. Estamos non noso dereito de traer aquí unha moción que vostede considera de contido xurídico por que temos medo do que poida acontecer. Vostede equivócase. Traemos esta moción por que a moción que vostedes aprobaron o 26 de maio non nos leva a ningún lado e o único que vai a conseguir son gastos e prexuízos para vostedes. Teñen oportunidade de revocala, se non o queren facer non o fagan. Xa esta vostede adiantando a votación, non sabe o que vai acontecer.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (5 grupo político PP, Sr. Caamaño Fraga, Sr. González Santos, Sra. Martínez Candal, Sr. Vázquez Raña), coas abstencións (2 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Gómez Liñares), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Modificar o acordo do pleno do Concello do 26 de maio de 2017 polo que se aprobou a moción presentada polo grupo político Unión por Ordes de medidas para a mellora da transparencia e favorecer a libre concorrència nos contratos menores establecendo a súa tramitación administrativa, acordando que a tramitación administrativa e adxudicación dos contratos menores no Concello de Ordes realizárase única e exclusivamente de conformidade co establecido nos artigos 138.3 e 111 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP) ou norma legal que a substitúa.

PUNTO SEXTO: ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

Intervén o Sr. Vázquez Raña, concelleiro non adscrita, que formula o rogo seguinte:

- Na estrada municipal que vai dende a N-550 ata Fosado ocorren moitos accidentes no curce entre os lugares de Sobreira e Chan.

Por todo isto, instamos ao sr. Alcalde ao seguinte:

Colocación de dous espellos na estrada de acceso a Fosado á altura do devandito cruce entre Sobreira e Chan para facilitar a visión dos condutores.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración. Mirarán de colocalos canto antes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula o rogo seguinte:

- Na nave de Mesón do Vento desenvólvense diferentes cursos e actividades, tanto de ximnasia, como de ensaios, etc.

A limpeza que se leva a cabo quédase escasa debido ao uso diario e continuado das instalacións algo que xa se reclamou no pleno de marzo deste ano.

Ademais, tres da pelotas de pilates están estropeadas, e as existentes non chegan para a práctica do pilates por parte de todas as persoas inscritas.

A mestra tamén comentou que na nave existe unha rede wifi coa que podería poñer música para a actividade, xa que os dous aparatos de música existentes non funcionan correctamente,

E polo que solicito ao alcalde o seguinte:

Se leve a cabo unha limpeza semanal en todo o local que estamos a usar na Nave de Mesón do Vento, con especial atención nos solados xa que este tipo de ximnasia se soe realizar no chan.

Se reparen 3 pelotas de pilates existentes que contamos están pinchadas e non se poden usar, ou ben repoñan as mesmas ata a cantidade real de persoas inscritas na actividade máis a profesora.

Se informe a mestra de pilates da existencia ou non da rede wifi na nave de Mesón, e si non existise, se dispoña dun aparato de música que funcionen correctamente, xa que os dous existentes non o fan.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle resulta curioso que moitas das cuestións que se mencionan no rogo non fosen postas en coñecemento pola monitora ao técnico de deportes que é a persoa coa que ten contacto. As pelotas de pilates estaban compradas este ano xusto cando empezou o curso, aínda non as entregaron. Está pedido o material do que había deficiencias nas parroquias. O contrato actual de limpeza non cubre todas as semanas. O contrato que espera formalizar nas próximas semanas coa nova licitación xa cubriría esta demanda. A rede wifi vai a estar a súa disposición, os aparatos de música que eran moi antigos xa foron substituídos por un que había aquí en Ordes.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Fai anos que desde o Grupo Municipal Socialista estamos a denunciar o uso da antiga vía de Renfe ó seu paso polo noso Concello como vertedoiro doméstico. A pesar de esta denuncia esta antiga vía está chea de maleza, vexetación e lixo co consecuente risco de incendio, cando podería actuar coma un cortalumes se estivese limpa.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdeG-PSOE no concello de ordes fórmúlalle ao Sr. alcalde o seguinte rogo.

Se poña en coñecemento do SEPRONA a situación da antiga vía de Renfe ao seu paso polo Concello de Ordes para que obrigue ó propietario da mesma (ADIF) á súa limpeza e conservación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que dende o un de xaneiro do ano que ven a titularidade dos terreos da senda verde e dos cinco concellos asinantes do contrato da Via Verde Santiago-Cerceda. Cousa distinta son as parcelas paralelas ao antigo trazado que se porá en coñecemento do ADIF. Intentarase de acordo coa Xunta de Galicia a consecución dun obradoiro de emprego para facer a limpeza.

- A chegada das choivas pode provocar, en ausencia da limpeza e mantemento oportunos, o atasco das redes de sumidoiros, cunetas, etc. e como consecuencia pódense producir inundacións nas rúas do pobo e das parroquias que poden causar importantes danos.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdeG-PSOE no concello de ordes fórmúlalle ao Sr. alcalde o seguinte rogo.

Instamos ó Concello de Ordes a que proceda a levar a cabo as actuacións de limpeza e conservación necesarias como medida de prevención antes de que comecen as choivas para evitar que se poidan producir inundacións tanto en Ordes como nas parroquias.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a parte que ten Espina y Delfín no seu contrato, algunhas rúas xa se fixo algunha actuación. Nalgunha das parroquias se fixo algunha actuación puntual de limpeza de cunetas, son moitos os quilómetros, sería moito o crédito do que habería



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 23

que dotar o orzamento para facer unha limpeza continuada. Cada que vez que se da conta dunha tubaxe atascada se da traslado ao servizo de obras e trátase de resolver o antes posible. Fai unha petición moi xenérica e costa atender a todas as necesidades do termo municipal, falamos de mil catrocentos quilómetros de rede de vías municipais.

Intervén o Sr. Manteiga García, que pregunta se no pobo de Ordes se teñen identificados os puntos onde sole haber inundacións cada vez que chove, para centrarse se non se pode abarcar todo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o máis grave sempre foi a zona de Merelle e Alfonso Senra por todas as conducións de pluviais que aí traen. Non temos diámetro suficiente para todos os caudais que aí se atopan. Hai unha petición dun proxecto que está entregado na Consellería de Medio Ambiente de catrocentos mil euros para resolver a situación que a día de hoxe temos da tubaxe na rúa Alfonso Senra. A zona de Merelle resolveuse o ano pasado coa subvención para parques empresariais e deixouse prevista na baixada perpendicular á N550 un pozo por si algún día hai que facer unha conexión alternativa. A inmensa maioría das rúas de Ordes temos conducións que levan aos ríos ou aos puntos baixos sen ningún tipo de inconvinte.

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na rúa Nova, entre a Rúa Rosalía de Castro e a Rúa de Galicia, estase a levar a cabo a humanización do tramo.

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

A que unha vez rematadas as obras, se proceda á instalación de mobiliario urbano como poden ser bancos, papeleiras, ...etc.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que estas actuacións corresponden a investimentos financeiramente sostibles no que non pode incluírse o mobiliario. Vamos a comprar algún mobiliario con fondos propios e trataremos de incluílo aí antes do remate do ano, papeleiras e bancos. Tamén se vai aproveitar para o cambio das luminarias, dos báculos, con material que quedou de actuacións anteriores.

- Desde fai tempo, o salón de plenos da casa consistorial está sendo empregado para recepcións institucionais ou mesmo para plenos de investidura.

Seguimos sen entender porque o alcalde se nega a celbrar os plenos municipais onde corresponde.

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

A que os plenos municipais se celebren no salón de plenos municipais, liberando o local empregado ata o de agora nos baixos da alameda para outros usos.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 24

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que de momento vai a manterse esta ubicación, queremos acabar as obras. Mover todo este mobiliario para alí e traelo de volta cada vez que nos fai falta non é tan sinxelo. Despois está a limpeza do local. Vostede o ve moi fácil. O diñeiro desta anualidade do centro sociocomunitario vai a destinarse ao edificio da Casa Consistorial. Estes días estase coa licitación para poder adxudicar boa parte das obras pendentes, a pranta de arriba de todo e mobiliario, quedando todavia a pranta de almacéns pegada ao reloxero. Está tamén pendente a climatización dese edificio.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- O pasado martes 17 de outubro ás 18:00, un camiión que transportaba restos animais cara a planta de Gesuga, verteu parte da súa carga no Lg. do Valado, tendo a veciñanza da zona que padecer un insoportable cheiro durante varias horas.

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

A que a policía local faga as pescudas precisas para identificar dito camiión e aplicarlle á empresa a sanción correspondente.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se lle dará traslado á policía local, trataremos de averiguar a matrícula.

Solicita intervir o Sr. Secretario, que informa que se a policía local no momento en que se comete a infracción non está presente non pode denunciar a posteriori en base a indicios. Os axentes da autoridade teñen proba de veracidade dos feitos que denuncian pero teñen que estar presente no momento en que se comete a infracción.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pregunta que pasa se hai testemuñas na veciñanza.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que terían que os veciños formular a denuncia. É o mesmo que nas denuncias por infraccións da normativa de tráfico. Un particular tamén pode denunciar pero tería despois que ratificarse na denuncia.

- No paso de peóns que existe no cruce da rúa Mestre Alfonso Lesta coa rúa peonil, o pavimento diferenciado atópase nunha zona con moita pendente o que ocasiona, sobre todo no inverno, caídas por escorregamento á veciñanza que camiña pola zona.

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

A que substitúa o pavimento da zona por outro antiesvarante.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta é unha petición que o seu grupo trae para obras do POS.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 25

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que a súa proposta é abaixo case na rúa do Mirón.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que haberá que adaptar á normativa os que están mal. Hai varios da actuación 2010-2011 da subvención da Once que non se adaptan á normativa, hai que corrixilos. Vamos a facer unha valoración conxunta destas necesidades.

- No Lg. de Merelle, na estrada que conduce aos depósitos da auga desde a N-550, repisou excesivamente o asfalto nas zonas por onde transcorre a rede de saneamento, creando fochancas na estrada.

Mesmo o borde de formigón nas tapas dos sumidoiros rebentou nalgúns zonas.

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se efectúen as operacións precisas para solucionar o problema.

A que nas futuras obras que se realicen por parte do concello de Ordes, se preste especial atención nas tarefas de recheo e compactado das gabias, para minimizar o máximo posible a aparición deste tipo de problemas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta obra é antiga. Vai a ser unha das vías dende Reboredo ata a N550 das que se vai a propor o aglomerado como proposta do grupo de goberno para o POS.

- Temos constancia de que fai unhas semanas mantiveron unha reunión coa veciñanza do Mesón do Vento. Alí lle trasladaron unha cuestión de que traída de augas trae sedimentos, a veces ben manchada.

Pode informar a que se debe esa situación.

Que se adopten as medidas oportunas para a solución do problema

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a resposta do técnico de Espina y Delfín é que aínda que fagamos unha actuación de un millón de euros non pode garantir que ese auga acabe finalmente chegando con sedimento á rede. A solución pasa por que haxa un maior consumo de auga de ese depósito. Unha das propostas que vai a ir para o POS é dotar de abastecemento á zona de Leira e necesitaríamos que máis xente se enganchase á rede de abastecemento no Mesón para que houbera maior circulación e non se creasen estas acumulacións de sedimentos. Cun maior consumo de auga no depósito está garantido que non chegue con tan mala calidade aos domicilios.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 26

- Logo da visita institucional realizada por membros da corporación municipal á cidade de Veracruz, para selar a irmandade entre Ordes e esta cidade mexicana.

Solicitamos o seguinte:

Se informe ao pleno municipal do resultado deste viaxe, os encontros e xuntanzas celebradas, así como, de ser o caso, as vías de colaboración que se abriron cos diversos axentes cos que mantiveron reunións de traballo.

A canto ascenderon os custos da viaxe, así como quen foron as persoas que acudiron.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que estiveron cinco días na cidade de Veracruz para o irmandamento que foi aprobado por este plenario. Foi acompañado pola primeira tenente de Alcalde, o terceiro tenente de Alcalde, o Sr. Pedreira Mirás, a miña esposa e a do Sr. Rodríguez Méndez. Alí tamén nos acompañou o responsable da empresa Ramón García, S.L. en México, era de interese para eles por que o porto co que traballan e o de Veracruz, tamén contamos coa presenza dunha oriunda ordense Milagros e o seu esposo Sergio. O recibimento de toda a xente da Rexiduría terceira, Corporación de Veracruz, foi fabulosa, así como o trato pola Cónsul Honoraria de Belice. A chegada foi o día 3, recibimento no aeroporto, almorzo nun lugar típico O Gran Café onde se nos presentou á parte da Corporación de Veracruz que nos ía acompañar en todos eses días. Pola tarde visita ao Acuario de Veracruz, visita ao interior para ver o día da día, o traballo dos investigadores, biólogos, profesionais, así como os animais. Día seguinte reunión académica con universidades da zona, o traballo correu a cargo do Sr. Pedreira Mirás, reunión con licenciados en medicina e representantes das universidades e dos principais hospitais de Veracruz, falouse da posibilidade de creación dun convenio a través da figura de Isabel Zandal e o Premio Isabel Zandal. Traballouse tamén na posibilidade de creación dun programa de intercambio de estudantes mexicanos e profesionais hospitalarios con Santiago de Compostela. Pola tarde presentación do proxecto do Centro Histórico de Veracruz, proxecto ambicioso para a recuperación da parte histórica e unha cidade que dentro de dous anos cumprirá cincocentos anos, así como a proxección do seu porto para multiplicar a súa capacidade por tres, proxecto que si financia o estado mexicano. Visita tamén ao Forte de San Juan de Ulua, porto primitivo non que se facía o desembarco de mercaderías que chegaban de España tanto de saída como de entrada. Entrevista no noticieiro de Televisa Veracruz, tamén pola tarde, a raíz do irmandamento do día seguinte. Día cinco, día do acto propiamente institucional, pola mañá almorzo na Primeira Rexión Naval. A continuación sesión solemne da sinatura do irmandamento. Despois visita ao Círculo Español Mercantil de Veracruz que é a sede da delegación do Consulado de España, sinatura no Libro de Honra. Pola noite invitación ao Instituto Veracruense da Cultura para asistir á inauguración dunha exposición de Diego Rivera. Ao día seguinte cun dossier das empresas do concello presentación no Círculo empresarial de Veracruz onde se acordou a posibilidade de que en Expo Ordes 2018 poida haber tamén un espazo para eles. Pola tarde visita ás instalacións dun xornal O Ditame, de máis de cen anos de antigüidade, así como ao Arquivo Histórico e as instalacións do Museo Naval. O sábado sete visita ao municipio de Antigua que é a onde chegou Hernán Cortes en 1519 para fundar a Vila de Veracruz, despois visita aos municipios de Cempoala e Coalapetec, zonas históricas da antiga cultura Maia. O domingo oito visita á zona de Uaca, que están rehabilitando, visitamos os murais con grafitis moi similares aos que temos no noso rueiro. Os custes da viaxe, voos de ida e volta de catro persoas seis mil catrocentos euros. Gastos de agasallos aproximadamente oitocentos euros. As facturas están en intervencións e están a súa disposición.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 27

- No pleno ordinario do mes de xullo, este grupo municipal do BNG presentou unha proposta para reorganizar o tráfico nas rúas da vila de Ordes. Durante o debate plenario, en aras do consenso retirouse a proposta co compromiso de celebrar unha reunión entre representantes dos distintos grupos municipais e concelleiros/-as non adscritos de cara a consensuar ditas modificacións.

Dita reunión xa foi celebrada, pero creemos preciso que se informe á veciñanza das modificacións acordadas.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se de conta no pleno das modificacións que se acordaron en dita reunión entre representantes dos distintos grupos municipais e concelleiros/-as non adscritos.

A que se publiquen na páxina web municipal as modificacións acordadas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto parte do informe da policía local que encargou o goberno de 19 de xaneiro de 2017 a partir de aí presentáronse as mocións cos seus debates. Agora vai acometerse o plano numero tres zonas de Piñeiro, Casvella e Camposanto, sentidos únicos na parte interior do Piñeiro, na zona de Casavella e Camposanto dobre sentido cunha única liña de aparcamento. Plano número seis Praza de Abastos creación de cambio de sentido para que funciones como unha rotonda, cunha liña de aparcamento nunha das marxes. Os axentes da policía local están vendo a valoración dos traballos, pedíuselle a tres empresas oferta. Cando se teña o plano definitivo é cando se subirá á web e ás redes sociais. Espera que no 2017 se poidan executar estes dous planos. O importe económico é importante, pero é asumible neste momento.

- Polo que nos trasladaron dende diversas entidades deportivas do concello, están interesados en realizar a formación precisa para o emprego dos desfibriladores que existen en determinadas instalacións deportivas do concello.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A organización de novos cursos de formación para o emprego dos desfibriladores.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que pide que se lle faga a solicitude ao técnico de deportes. Non dubida do que pon. Se é unha persoa dun clube a que quere facer o curso o lóxico é que non vai con cargo ao erario público, son cen euros cada alumno, ten dereito a asistir ás convocatorias que se fan en Santiago e A Coruña. Aos clubes no seu día ofrecéuselles. Os traballadores da piscina e de escolas deportivas municipais, un de cada tivo a oportunidade. A xente dos clubes que ven de maneira puntual poden facilitarlles a asistencia. Para facer un curso en Ordes necesitamos un mínimo, entre catro e oito. Se son traballadores municipais asumirá o custe o concello, se alguén externo cen euros por persoa.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 28

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro, que formula os rogos presentados polo grupo político UxO seguintes:

- A rotonda que se encontra entre Buscás e o polígono industrial de Ordes carece de luz. Varios veciños/as estas molesto por esta razón e así no lo fixeron saber. Dende Unión por Ordes creemos que é unha vía bastante transitada e sería perigoso que seguise carecendo de alumado público.

Por tanto, rogamos que se dote de alumado público a citada rotonda para evitar males maiores.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que tal e como se fai o rogo dáse a entender que se está a falar da rotonda da Gorita, que xa ten alumado. Se falan da da AC524 que vai a autoestrada, xa falamos en múltiples ocasións, saben a distancia ao alumado público e o problema para chegar ata alí. Hai unha petición para que se faga unha senda peonil que comunique Outeiro con Ordes. Aproveitando a construción da senda levar o alumado soterrado ata alí. Espera que esa obra se poida facer o ano que ven. A previsión é que Infraestruturas poida facer esa actuación. O albergue vaise a comezar nas próximas semanas, período de execución seis meses. A Seguíne fase e conseguir dende Infraestruturas unha senda que comunique Outeiro con Ordes, coa rotonda do Paraíso e co trazado do carril bici e senda peonil que temos a día de hoxe aí. Podemos esperar varios meses sen asumir nos con fondos propios unha actuación cunha distancia importante. Agora mesmo temos un mecanismo que nolo vai a facilitar sen gastar nada.

- Na prolongación da Rúa Calvo Sotelo (Bosteiros) estase a levar a cabo a construción de novas beirarrúas. Algún veciño deu queixas o grupo político UxO de que non están a quedar prazas de aparcadoiro para os vehículos.

Por tanto, solicitamos ao señor Alcalde:

Se é posible deixar prazas de aparcadoiro na citada rúa xa que existen fincas para poder facelo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non se elimina ningunha praza, estase a facer unha beirarrúa en terreos que son dominio público. Se hai algunha parcela que está interesada en cedela para aparcadoiro non hai inconveniente. Falouse con todos os propietarios, onde teñen que quedar accesos quedan. Son os veciños os que teñen que ofrecer a parcela.

Por último, polo Sr. Alcalde ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula a pregunta seguinte:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 29

- Informáronme de que o Tanatorio Municipal de ordes, situado no Valado, se encontra en situación irregular no que respecta á instalación eléctrica, xa que se sospeita que poida estar a día de hoxe con contrato de obra, cando se trata de un local de pública concorrencia e debería de estar con subministro definitivo e ca potencia axeitada para o seu fin.

É por todo isto polo que formulo as seguintes preguntas ao Señor Alcalde:

¿É certo que esta situación é irregular e coincide co descrito?.

¿Tratouse de regularizar esta situación en algún momento por parte do Concello?.

¿Podería isto afectar á calidade de subministro eléctrico dos veciños como se sospeita?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle sona moi mal o contido da pregunta. Gustaríalle que se diga quen a informa, como chega á conclusión de irregular e que se sospeita.

Intervén a Sra. Martínez Candal, que sinala que foi un veciño da estrada.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se chega a esa conclusión e non se ven a preguntar ao concello.

Intervén a Sra. Martínez Candal, que sinala que non chegou a esa conclusión, informouse e deume a información.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o CUPs do tanatorio, vence o contrato o 2018, entende que esta feito dende o 2008. A día de hoxe CUP xa ten consumidos máis de trinta e seis mil Kw. Contrato irregular, contrato de obra nada.

Intervén a Sra. Martínez Candal, que sinala que foi o que lle dixeron e trae a pregunta como corresponde.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que pediu a factura no departamento de Intervención. É un contrato individual para o tanatorio que vence no 2018.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a pregunta seguinte:

- Nos presupostos municipais, dispuxéronse fondos para a creación dunha bolsa de axudas a deportistas destacados/-as do noso concello; recollendo unha proposta do BNG de cara aos orzamentos pero que seguimos opinando que a cantidade de 3.000 € consignada é insuficiente e ridícula.

A día de hoxe seguimos sen unha ordenanza que regule dita bolsa, para que os/as deportistas do noso concello podan solicitar as mesmas e concorrer de xeito competitivo; co cal confírmase a nosa sospeita de que a única intención do alcalde, nunha práctica moi recorrida polo PP, é tirar unha cortina de fume para ao final do ano



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 30

mediante modificacións de crédito retirar eses fondos e adicalos a outros menesteres, constituíndo a iniciativa.

¿Cando imos dispor dunha ordenanza reguladora da bolsa a deportistas destacados/-as do noso concello? .

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se aprobarán unhas bases como en todos os concellos. Estase traballando nelas polo departamento de deportes, estanse analizando outras da Deputación e de Concellos. Os tres mil euros están aí, nada impide que se poida facer unha dotación de maior crédito. Hai que ter coidado coa duplicidade deste tipo de axudas a deportistas. Ten que ir todavía ao informe preceptivo da Secretaría de Deporte da Xunta de Galicia. Este paso espera poder dalo no mes de novembro. Espera poder publicar as bases en xaneiro de 2018 como xa se adiantou no seu día nunha nota de prensa dende o Concello. Este ano non vamos a perder esta cantidade e a destinaremos a inversións en Vistalegre, pavillóns ou demais. Non se pode conceder a deportistas por que non está feito o trámite. Primeiro houbo que aprobar os orzamentos e hai que fiscalizar o crédito.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que o primeiro proxecto de orzamentos presentouse este ano en abril, a outubro deste ano non hai unhas bases para que un deportista poda solicitar a axuda. Outra cousa é o que vostede comenta, cada deportista terá que ver se pode acceder a esa subvención, se é incompatible con outra. Se dende abril xa se tiña previsto unha bolsa de axudas a deportistas, podería terse traballado nesas bases e este ano poder desfrutar delas. Por iso falamos de cortiñas de fume, modificacións de crédito, que ao final me acaba de recoñecer vostede.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que como outras moitas. Fai un momento lle expliquei que co centro sociocomunitario vamos a facer unha modificación para unha actuación que vostede demandou fai uns meses que é rematar a Casa Consistorial. As modificacións de crédito fanse en todas as administracións públicas. Fálame de abril deste ano, en maio do ano pasado tamén levamos estas axudas para deportistas, pero non se aprobaron os orzamentos. Os técnicos levan un mes e medio traballando nas bases, en novembro solicitarase o informe, en xaneiro 2018 espera poder publicar no BOP a convocatoria.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas e cincuenta e cinco minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO